



Lars Krabbe

Joumana Haddad (Beirut, 1970) é escritora, tradutora, xornalista, profesora universitaria e unha coraxosa activista en favor dos dereitos humanos, a igualdade de xénero, a liberdade de expresión e a dignidade das persoas e pobos marxinados.

Durante dúas décadas traballou para o xornal libanés An Nahar, e dende 2005 foi editora da súa sección cultural, entrevistando personalidades do talle de Umberto Eco, Paul Auster ou Saramago. Escribe regularmente para periódicos internacionais como The Guardian ou Corriere della Sera, e mantén unha colaboración radiofónica semanal. Ao tempo, foi docente de escrita creativa e de italiano na Universidade Americana Libanesa de Beirut por catro anos. Entre o 2007 e o 2011 foi xerente do prestixioso Premio Literario Arab (IPAF), e fundou a revista trimestral de cultura en lingua árabe Jasad.

Polo seu activismo cultural e social, dende 2014 vén sendo escollida entre as cen mulleres árabes máis influíntes. Haddad fala sete idiomas e, como tradutora, publicou varios autores/as árabes e estranxeiros/as de poesía, novela e teatro. Do mesmo xeito, foron vertidas a numerosas linguas moitas das súas propias obras como poeta, prosista, dramaturga e autora de literatura infantil, amplamente aclamadas pola crítica do Líbano e de todo o mundo árabe. Así, ten participado en multitude de foros, conferencias e festivais internacionais de Europa, Asia e América.

AÍNDA NON

*Unha vez namorei dun home porque me trataba coma unha raíña
Pero logo desenamorei del, porque un rei non era*

*Unha vez namorei dun home porque me facía rir
Pero logo desenamorei del, porque non bebía as miñas bágoas cando choraba*

*Unha vez namorei dun home porque era un bon orador
Pero logo desenamorei del, porque falaba moito e pouco dicía*

*Unha vez namorei dun home porque foi quen de levarme ata a Lúa
Pero logo desenamorei del, porque non soubo traerme de volta á Terra*

*Unha vez namorei dun home porque sabía como tocar o meu corpo
Pero logo desenamorei, porque non sabía como tocar a miña alma*

*Unha vez namorei dun home porque sabía como tocar a miña alma
Pero logo desenamorei, porque non sabía como tocar o meu corpo*

*Unha vez namorei dun home porque o vía guapo e sexi
Pero logo desenamorei, porque el tamén se vía guapo e sexi*

*Unha vez namorei dun home porque era perfecto
Pero logo desenamorei, porque era perfecto*

*Incendio tras incendio
cinzas após cinzas
E aínda non se inventou o que me ha manter ardendo,
o que me ha manter ardendo
aínda
tereino que inventar.*

←
(Joumana Haddad)
Luns **15** de outubro
20:30
ÁGORA
www.centroagora.es

POETAS
DI(n)VERSOS 2018
Susana Sánchez Arins
CORUÑA
PRÓXIMA



Paula Gómez del Valle

Susana Sánchez Arins naceu en 1974 en Vilagarcía, mais criouse e medrou algo máis terra adentro, no Foxo. Estudou as filoloxías Hispánica e Portuguesa na USC, formación á que hai que sumar o Diploma de Estudos Avanzados en Literatura Comparada. Na escola pública exerce como docente de Ensino Secundario.

Como poeta entrou no sistema literario en 2008 da man do XXI Premio Nacional de Poesía Xosé María Pérez Parallé, outorgado polo seu poemario *[de]construcom*, que vería a luz baixo o selo de Espiral Maior ao ano seguinte. Seguiríanlle *Aquiltadas* e *A noiva e o navio*, ambos os dous de 2012. En 2015 un novo e último título até a data, *seique*, acada un gran consenso crítico.

Sánchez Arins ten participado con textos propios en revistas e obras colectivas tales como *Letras nómades. A mobilidade feminina na literatura galega* (2014), *De Cantares Hoxe. Os Cantares Gallegos de Rosalía de Castro no século XXI* (2015), *1975-2015 Moncho Reboiras Vive!* (2015), *Verbo na arria. Homenaxe literaria a Xohan Xesús González* (2016), *Abadessa, oí dizer. Relatos eróticos de escritoras da Galiza* (2017) ou *Pico Sacro. Ferido polo lóstrego e a lenda* (2017).

Activista social e cultural, e implicada na cooperación ao desenvolvemento dende unha perspectiva de xénero, exerce tamén a crítica literaria feminista na plataforma de crítica cultural e de libros A Seg.

CARRAPUCHINHA

foi nos tempos de maria castanha

*e outra manhã o mesmo caminho
que vaia a meninha com a sua candura
e uma cestinha de viandas atestada
pão de boroa pisca de toucinho
um caldinho que há chegar morno
e outra manhã o dia nascendo
sair do rueiro laganhas nos olhos
passar rente o moínho seguir
o peso da cesta um golo na fonte
os pés de lama cobertos espidos
apanhar umas flores marelas
e outra manhã chegar a cesantes
e buscar barqueiro que cruze o mar*

*em são simão há um avô preso
camisas azuis vestem os lobos*

←
(SUSANA SÁNCHEZ ARINS)
Luns **15** de outubro
20:30
ÁGORA
www.centroagora.es

POETAS DI(n)VERSOS 2018
CORUÑA PROXIMA
C
Joumana Haddad